

Organiza: CFR-Vigo

Lugar de celebración:

CIFP "A GRANXA"-PONTEAREAS

25-29 Xuño 2012

Atención a persoas con diversidade funcional



V1201001

Curso de Técnicas de
Educación Ambiental



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

ACTIVIDADE COFINANCIADA POLO FONDO
SOCIAL EUROPEO NUN 80%

ATENCIÓN A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL

ÍNDICE

1. **Conceptos básicos sobre discapacidade e accesibilidade.**
2. **Criterios xenerais para incorporar a accesibilidade ao deseño e á xestión de servizos e instalacións de Educación Ambiental.**
3. **Discapacidade intelectual. Definición e regras particulares para tratar con persoas con discapacidade intelectual.**
4. **Discapacidade física. Definición e regras particulares para tratar con persoas con discapacidade física.**
5. **Discapacidade visual. Definición e regras particulares para tratar con persoas con discapacidade visual.**
6. **Discapacidade auditiva. Definición e regras particulares para tratar con persoas con discapacidade auditiva.**

1. CONCEPTOS BÁSICOS SOBRE DISCAPACIDADE E ACCESIBILIDADE

Na linguaxe cotiá utilizamos palabras, algunhas con connotacións despectivas, das que convén expoñer con claridade o seu significado para evitar un uso inadecuado das mesmas. Un correcto manexo destes conceptos permitirá unha maior comprensión do tema e contribuirá a aumentar a atención ás persoas coas que traballamos.

DEFICIENCIA: é toda perda ou anormalidade dunha estrutura ou función psicolóxica, anatómica ou fisiolóxica dunha persoa.

DISCAPACIDADE: é a restrición ou ausencia, por causa dunha deficiencia, da capacidade para realizar unha actividade na forma ou dentro da marxe considerada normalizada para un ser humano. A discapacidade pode ser de carácter permanente ou transitorio, dependendo de cál sexa a causa concreta.

MINUSVALÍA: é unha situación de desventaxa na que alguén se atopa coma consecuencia dunha deficiencia e dunha discapacidade, que limita ou impide o seu desenvolvemento persoal en condicións de igualdade de oportunidades respecto do resto de persoas da comunidade na que vive.

DEFICIENCIA	DISCAPACIDADE	MINUSVALÍA
Unha persoa con deficiencia física nas súas pernas que lle impida utilizalas...	... non pode camiñar, aínda que compensa esta discapacidade utilizando unha cadeira de rodas para desprazarse...	...pero atopa moitas dificultades para desenvolverse cómoda e autónomamente pola cidade, utilizar os transportes, acceder aos edificios, etc., polo que ten problemas para participar en igualdade de condicións e intégrase socialmente.

Estas definicións dannos a idea das tres dimensións distintas a considerar na persoa:

1. A **deficiencia** fai referencia á **dimensión da saúde** física ou psicolóxica da persoa.
2. A **discapacidade** refírese á **actividade desenvolvida** pola persoa e as dificultades que nela atopa.
3. A **minusvalía** fai referencia á **dimensión social** da persoa, á situación de desventaxa que atopa para participar activamente na vida social.

O falar de **accesibilidade** referímonos á cualidade que ten o conxunto de espazos e materiais relacionados coa Educación Ambiental para que calqueira persoa, incluso aquelas afectadas con discapacidades de mobilidade, comprensión ou comunicación, poida:

- Chegar a todos os lugares e edificios que desexe, sen sobreesforzos.
- Acceder aos establecementos nos que se ofrecen servizos de Educación Ambiental e poder, no caso de emerxencia, evacualos en condicións de seguridade.
- Facer uso efectivo das instalacións e servizos que se presten en ditos establecementos con comodidade.

2. CRITERIOS XENERAIS PARA INCORPORAR A ACCESIBILIDADE AO DESEÑO E Á XESTIÓN DE SERVIZOS E INSTALACIÓNS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL.

Calquera solución de accesibilidade que se emprenda na Educación Ambiental, na atención aos seus usuarios, na xestión de establecementos educativos, na realización de actividades culturais, etc., debe apoiarse nestes cinco criterios básicos:

Diversidade: as situacións e necesidades persoais dos usuarios cos que traballamos son múltiples.

Autonomía: debe favorecer a máxima autonomía posible das persoas no uso das instalacións e servizos, especialmente na de aqueles que teñan algunha limitación na mobilidade ou comunicación, evitando que dependan doutras persoas.

Dignidade: en ningún caso debe atentarse contra a dignidade da persoa e o seu dereito á privacidade, as solucións de accesibilidade deben garantir o respecto á persoa con discapacidade.

Seguridade: o uso das instalacións e servizos de Educación Ambiental debe ser seguro para todas as persoas, polo tanto, calquera axuda técnica ou

solución de accesibilidade debe velar pola integridade dos que as utilizan e tamén dos que non as precisen.

Compatibilidade: a accesibilidade debe ser unha cualidade integrada nos servizos e instalacións, que garante a posibilidade do uso e desfrute de todo tipo de persoas, sen perder a esencia propia ou natureza das mesmas.

3. DISCAPACIDADE INTELECTUAL. DEFINICIÓN E REGRAS PARTICULARES PARA TRATAR CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL

A discapacidade intelectual caracterízase por:

1. Limitacións significativas no funcionamento intelectual.
 2. Limitacións significativas na conduta adaptativa (vestirse, cociñar, etc.)
 3. Unha idade de aparición previa aos 18 anos.
- Ser natural ao comunicarse, facelo con palabras comúns.
 - Responder sempre as súas preguntas, demostrando interese na comprensión das súas respostas. Ter paciencia.
 - Salvo en cuestións intelectuais, tratalos de acordo con súa idade, aínda que o seu desenrolo mental non se corresponda coa súa idade física.
 - Se non saben ler ou se teñen dificultades na linguaxe, ser pacientes e explicarlles o que precisen.

4. DISCAPACIDADE FÍSICA. DEFINICIÓN E REGRAS PARTICULARES PARA TRATAR CON PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA

Esta discapacidade afecta ao movemento. Existen diversas causas polas cales se presenta a discapacidade física; factores conxénitos, hereditarios, cromosómicos, por accidentes ou enfermidades dexenerativas, neuromusculares, infecciosas ou metabólicas entre moitas.

- Adaptar o paso ao das persoas que camiñan máis lentas.
- Se usan muletas, non alonxalas da persoa cando se senta.
- Non deixarse levar pola imaxe da persoa en cadeira de rodas. Simplemente é unha persoa que está sentada.
- Para falar cunha persoa en cadeira de rodas, poñerse diante, se pode ser, tamén sentados. Se non, situarnos a unha distancia de maneira que non teñamos que forzalo a erguer a cabeza.
- Seguir as instrucións do usuario en cadeira de rodas. É quen mellor sabe como manexar a súa cadeira y como quere ser conducido.



5. Discapacidade visual. Definición e regras particulares para tratar con persoas con discapacidade visual

A discapacidade visual é a carencia, diminución ou defectos da visión. Para a maioría da xente, o significado da palabra *cego*, corresponde a unha persoa que non ve, con ausencia total de visión, sen embargo, dentro da discapacidade visual, se poden establecer categorías: **cegueira total**, é dicir, ausencia de resposta visual, **cegueira legal**, 1/10 de agudeza visual no ollo de maior visión, con correctivos e/ou 20 grados de campo visual, **disminución ou limitación visual** (visión parcial), 3/10 de agudeza visual no ollo de máis visión, con corrección e/ou 20 grados de campo visual total. A **baixa visión ou visión parcial** pode definirse como agudeza central reducida ou a perda do campo visual, que, incluso coa mellor corrección óptica proporcionada por lentes convencionais, tradúcese nunha deficiencia visual dende o punto de vista das capacidades visuais; suposta nesta

definición unha perda bilateral da visión, con algún resto visual.



O funcionamento visual depende de múltiples factores, físicos, psíquicos, ambientais; variando incluso en dúas persoas con idéntica patoloxía ou nunha mesma persoa en distintos días ou horas dun mesmo día.

- Identificarse dicindo en primeiro lugar que te dirixe a eles.
- Cando se lles ofrezca algo, hai que indicar que é o que se lles está dando ou en que lugar o teñen situado o seu alcance, se está sobre unha mesa ou un mostrador, etc.

- Ao acompañar a unha persoa cega ofrécéselle o brazo para que se apoie, nunca hai que tomar o seu e arrastrala ou empurrala.
- Sen querer, ás veces temos a tentación de falarlles máis alto “para comunicarnos mellor”, pero non é necesario gritarlles, non teñen problemas de audición, senón de visión.
- Durante unha comida, hai que indicarlles a posición dos pratos, vasos, cubertos, etc. Levando a súas mans ata cada obxecto. Outra solución é seguir a posición das agullas do reloxo indicando que “a carne está ás tres e a guarnición está ás nove”, por exemplo.
- O cego e o seu can-guía forman un “equipo de traballo” moi compenetrado. Non debe distraerse ao animal da súa tarefa.

6. Discapacidade auditiva. Definición e regras particulares para tratar con persoas con discapacidade auditiva

A maioría das persoas xordas poden falar, polo que no debemos chamalos “xordomudos”, senón xordos. A maioría das persoas xordas utilizan a Lingua de Signos Española (LSE) para comunicarse, aínda que algunhas tamén saben ler os beizos.

A mellor maneira de comunicarse con persoas xordas é aprender Lingua de Signos. Se isto non é posible, deberemos contar cun intérprete de Lingua de Signos. Se tampouco dispoñemos deste profesional, deberemos ter en conta:

- O máis importante é a actitude que se amosa, manifestando en todo momento o interese por facilitar a comunicación.
- Utilizar un ton normal de voz, non berrar: non oen.

- Falar con normalidade, nin moi rápido nin moi lento, para que, se saben ler os beizos, podan entendernos. Non tapar a nosa boca coas mans, non comer chicle, fumar, etc., pois non deixamos que se vexa ven os movementos da nosa boca. É importante vocalizar ben, pero sen exaxeran nin facer muecas innecesarias.
- Se a información non é comprensible, haberá que buscar outras alternativas, palabras máis sinxelas, gráficos, repetir todo o que sexa necesario...

Bibliografía:

BARÓN, C. et al. *Curso de turismo accesible*. Real Patronato sobre Discapacidad. 2004.

